

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 8 DE NOVENBRO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día oito de novembro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 3 DE NOVENBRO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día tres de novembro de dous mil vinte e un, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada en data 3 de novembro de 2021.

2.- PROPOSTAS.

2.1.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS PARA IMPARTIR DA ESPECIALIDADE FORMATIVA SSCS0208 ATENCIÓN SOCIO-SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS OS MÓDULOS FORMATIVOS: MF1016-2 APOIO NA ORGANIZACIÓN DE INTERVENCIÓNS NO ÁMBITO INSTITUCIONAL, MF1019-2 APOIO PSICOSOCIAL, ATENCIÓN RELACIONAL E COMUNICATIVA EN INSTITUCIÓNS E MP0029 MÓDULO DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS (80 HORAS).

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada da Área de Seguridade Cidadá e Persoal (código de documento UPO15I01SE), relativa á aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección de mestres/as para impartir da especialidade formativa SSCS0208 Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais os módulos formativos MF1016-2 Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional, MF1019-2 Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións e MP0029 Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 horas)", que transcrita di:

"PROPOSTA-Bases selección mestres módulos formativos

Primeiro.- O Concello de Culleredo ten solicitado unha subvención á Consellería de Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2021 e 2022 (código de procedemento TR301K) (DOG número 81, do 30 de abril de 2021).

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 19 de xullo de 2021 aprobou as bases de selección de mestres dos módulos formativos das especialidades do Plan Formativo para o Emprego (Persoas Traballadoras desempregadas, procedemento TR301K) período 2021-2023 para impartir os módulos formativos nas seguintes especialidades

- SSCS0208.- Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (2 cursos)
- HOTR0208.- Operacións básicas de restaurante e bar.
- MAMR0108.- Montaxe de mobles e elementos de carpintería.
- Módulo de formación complementaria FCOXXX04.- Básico de prevención en riscos laborais.

Segundo.- O proceso de selección do persoal para a impartición dos cursos citados no parágrafo anterior, foron realizados segundo o disposto nas bases específicas da convocatoria e segundo as actas da comisión de valoración os días 16 e 17 de setembro de 2021, subordinando as contratacións á concesión da subvención e á validación dos/das candidatos/as pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Terceiro.- A xefa de servizo de Dinamización, Formación e Emprego, no seu informe-proposta do día 22 de outubro de 2021 (código documento UFE15I00MJ) informa: - que se concedeu ao Concello de Culleredo unha subvención de 78 840 euros para a impartición de dúas accións formativas AFD de *Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais*, resolución do día 14 de setembro de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade.

- Que a primeira candidata seleccionada para o Módulo MF1016-2.- Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional, e o módulo MF 1019-2.- Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións, non foi validada pola Consellería de Emprego e Igualdade.

- Que as candidatas 2 e 3 presentaron renuncia (código documentos UFE15I00ME e UFE15I00MF)

- Que a execución das accións formativas SSCS0208 *Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais* precisa da impartición de tódolos módulos que constitúen a especialidade.

Cuarto.- A contratación é procedente dado que se trata dun caso excepcional e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables nunhas funcións, como é a formación profesional para o emprego, que se consideran prioritarias.

A contratación é excepcional porque a mesma está motivada pola participación na convocatoria dunha subvención a conceder pola administración autonómica para que o concello participe na estratexia de políticas activas de emprego e porque o persoal que se contrate non desenvolverá a actividade ordinaria do concello. Neste sentido, considérase excepcional xa que se afasta da regra común.

En canto á urxencia e inaprazabilidade da mesma, considérase que concorren neste caso dado que a mesma tense que realizar no marco temporal definido polo financiamento das accións formativas a través da convocatoria de subvención efectuada pola Xunta de Galicia, o que determina que as contratacións se teñan que realizar nun intervalo temporal determinado e non podan realizarse nun momento posterior.

Por outra parte, non se pode esquecer que, dende o punto de vista teleolóxico, a finalidade da norma que limita a contratación de persoal laboral temporal aos casos de urxente e inaprazable necesidade é o non incremento do gasto público e que para este concello, o incremento de gasto que se deriva da contratación de persoal supón un correlativo incremento de ingresos pola mesma contía (ingresos que só poden ser destinados á contratación proposta), sendo o

seu efecto neto sobre o Presuposto municipal nulo, tal e como se deriva do informe da xefa de Servizo de Dinamización, Formación e Emprego do día 15 de xuño de 2021 (código documento número DLO15I0036).

Quinto.- En base a todo o cal, a xefa de servizo de Dinamización, Formación e Emprego propón *Iniciar un novo proceso selectivo para prover, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición, o posto de traballo de mestre/a (formador/a), para impartir os módulos formativos Módulo MF1016-2.- Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional, e módulo MF 1019-2.- Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións, seguindo os requisitos de titulación e/ou experiencia profesional dos marcados nos diferentes certificados de profesionalidade.*

Sexto.- En base ao disposto anteriormente elaboráronse as bases específicas do proceso selectivo, de acordo coa proposta do servizo de Dinamización, Formación e Emprego, código documento número UFE15I00MJ, e de acordo co establecido no Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores; Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público; Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade; Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2021 e 2022 (código de procedemento TR301K), Convenio Colectivo do Persoal laboral do Concello de Culleredo, e demais normativa aplicable.

Sétimo.- Por resolución do alcalde do día 18 de xuño de 2019 acordouse a delegación na Xunta de Goberno Local da atribución para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

De acordo con anterior, propónse á Xunta de Goberno Local:

A aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección de mestres/as para impartir da especialidade formativa SSCS0208 *Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais* os módulos formativos:

- MF1016-2.- Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional
- MF 1019-2.- Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións
- MP0029: Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 horas)

de acordo co seguinte detalle:

PROBAS SELECTIVAS, MESTRES MÓDULOS FORMATIVOS ESPECIALIDADES PLAN FORMATIVO PARA O EMPREGO (PERSONAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS, PROCEDIMENTO TR301K) PERÍODO 2021 - 2023

CONVOCATORIA

Convócase proceso selectivo, para a provisión, con carácter de urxencia, polo sistema de concurso-oposición, dos postos de traballo de mestras/es (persoal laboral temporal) necesarios para impartir os módulos formativos das especialidades do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas, procedemento TR301K) exercicio 2021 e 2022, solicitados ao abeiro da Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento TR301K polo que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023 (DOG número 81, do 30 de abril de 2021) e ao abeiro da Orde do 16 de abril de 2021 pola que se procede á primeira convocatoria do procedemento TR301K pola que se subvencionan as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2021 e 2022. (DOG número 81, do 30 de abril de 2021) de acordo co seguinte detalle:

Especialidade formativa SSCS0208 – Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais

MF1016-2: Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional (100 horas)

MF1019-2 Apoio psicosocial, atención relacional e comunicativa en institucións (130 horas)

MP0029: Módulo de prácticas profesionais non laborais (80 horas)

A contratación dos/as candidatos/as seleccionados/as estará supeditada á concesión das subvencións para o financiamento dos cursos, á realización dos cursos e a validación dos candidatos/as por parte da Consellería de Emprego e Igualdade.

A relación laboral formalizarase mediante un contrato de traballo de carácter temporal por obra ou servizo determinado.

A retribución percibirase por hora lectiva, determinándose a súa contía no momento contractual, en función da subvención concedida.

A duración deste contrato será dende a súa formalización ata o cumprimento das horas lectivas e de prácticas de cada curso.

BASES DA CONVOCATORIA

1. Normas xerais

1.1. As presentes bases xerais rexerán a selección para a provisión dos postos de traballo de mestras/es necesarios para impartir os módulos formativos das especialidades do Plan formativo para o emprego (procedemento TR301K), período 2021-2023.

1.2. O sistema selectivo será o de concurso-oposición,

1.3. O proceso selectivo efectuarase mediante a publicación da convocatoria e das bases da convocatoria no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello(www.culleredo.es), e anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

2. Requisitos dos/as candidatos/as

Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes terán que reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

2.1. Nacionalidade. Cúmprese este requisito nos seguintes casos:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional doutros estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.2.Capacidade legal: Ter capacidade para contratar a prestación do seu traballo, de acordo co previsto no artigo 7 do Estatuto dos Traballadores.

2.3.Capacidade profesional: Acreditar o cumprimento dos requisitos que se especifican para cada un dos módulos formativos da especialidade:

Especialidade formativa SSCS0208 – Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (MF1016 e MF1019):

- *Lei 5 /2002, do 19 de xuño, de Cualificacións e Formación Profesional.*
- *Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.*
- *Real Decreto 189/2013, do 15 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, do 18 xaneiro.*

- Orde ESS/1897/2013 do 10 de outubro, pola que se desenvolve o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro.
- Orde do 7 de xaneiro de 2014 pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional, e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 12 de febreiro de 2019 pola que se establece o procedemento de expedición de certificados de profesionalidade e acreditacións parciais acumulables.
- Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establece o certificado de profesionalidade de "Atención socio-sanitaria a persoas dependentes"(BOE núm. 218, 9 de setembro de 2008) modificado polos reais decretos RD 721/2011, de 20 de Maio e R.D. 625/2013 de 2 de agosto.

MF1016-2: Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional (100 horas); e MF1019-2 Apoio psicosocial e comunicativa en institucións (130 horas): Estar en posesión dalgunha das titulacións que se relacionan, máis un ano de experiencia profesional no ámbito do módulo formativo. Serán así mesmo admitidos/as para este módulo os/as aspirantes que carecendo de calquera das titulacións relacionadas neste apartado, acrediten tres anos de experiencia no ámbito do módulo formativo: licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes; diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a ou arquitecto/a técnico/a ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes; técnico/a superior da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade ou certificado de profesionalidade de nivel 3 da área de Atención social da familia profesional de Servizos Socioculturais e á Comunidade.

2. 4.Capacidade docente : deberá estar en posesión do certificado de profesionalidade de formador/a ocupacional ou do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego ou formación equivalente en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos ou experiencia docente.

Deste requisito estarán exentos/as:

- a. Os/as que estean en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado en Pedagogía, Psicopedagogía ou de Mestre/a en calquera das súas especialidades, dun título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de posgrao nos citados ámbitos.
- b. Os/as que posúan unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais se atopen en posesión do Certificado de Aptitude Pedagóxica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagóxica. Así mesmo estarán exentos/as os/as que acrediten a posesión do Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor/a de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e os/as que acrediten a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagóxica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poden realizar os estudos de máster, establecida na disposición adicional primeira do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria.
- c. Os/as que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas nos últimos sete anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo, na modalidade presencial.

2.5. Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

2.6. Habilitación: Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas.

3. Solicitudes

3.1. Os/as interesados/as en tomar parte neste proceso selectivo terán que facelo constar en instancia, que será facilitada nas dependencias municipais e na páxina web do Concello (www.culleredo.es), na que manifeste que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base segunda. Debe presentarse unha instancia para cada unha das especialidades, indicando na mesma instancia os módulos formativos aos que opta.

3.2. Á instancia achegarase a documentación seguinte:

- Fotocopia do documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade.
- Fotocopia da documentación acreditativa do requisito de capacidade profesional.
- Fotocopia da documentación acreditativa do requisito de capacidade docente.
- Relación pormenorizada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso, e fotocopia dos documentos xustificativos. (base 6.1). Non é necesario presentar a documentación xa presentada nun proceso selectivo anterior, debendo indicarse neste caso na Relación pormenorizada dos méritos que se aleguen, a o nome do proceso e a data do rexistro de entrada da instancia ou escrito coa que se achegaba.
- Memoria da actividade.(base 6.2)

3.3. O prazo para a presentación das solicitudes será de cinco días hábiles, desde o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3.4. A presentación de solicitudes poderá realizarse no Rexistro xeral do Concello de Culleredo ou en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O horario do Rexistro xeral do Concello de Culleredo é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

3.5. Dada o carácter urxente da convocatoria, e para evitar posibles prexuízos para o/a solicitante, a presentación das instancias por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Culleredo, pode ser comunicada vía fax (número 981 67 76 46).

4. Admisión dos/as aspirantes.

4.1. Lista provisional. Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, o alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a ditará resolución na que se declarará aprobada a lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es).

4.2. Prazo reclamacións. Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es), co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión. Dada o carácter urxente da convocatoria, e para evitar posibles prexuízos para o/a solicitante, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro xeral do Concello de Culleredo, pode ser comunicada vía fax (número 981 – 677646).

4.3. Lista definitiva. Unha vez que remate o prazo de reclamacións, o alcalde/sa ou concelleiro/a delegado ditará resolución na que se aprobará a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.culleredo.es). A admisión do/a aspirante e a súa inclusión na lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, queda condicionada ao cumprimento dos requisitos esixidos. Polo tanto, a comprobación en calquera momento do proceso, do non cumprimento dos requisitos esixidos conlevará a exclusión do/a aspirante. A este fin, a Comisión de Avaliación enviará á Delegación da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a relación de aspirantes seleccionados/as, para a súa conformidade antes de proceder á súa contratación.

5. Comisión da avaliación

5.1. A Comisión de valoración será colexiada e deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade. A súa composición será predominantemente técnica. Os membros do tribunal deberán ser persoal funcionario de carreira dos grupos A1/ A2 ou persoal laboral fixo dos grupos I-a / I-b.

5.2. A Comisión de valoración estará composto por un/unha presidente, tres vogais e un/unha secretario/a garantindo a paridade entre muller e home. A composición nominal da Comisión de valoración establecerase na resolución na que se aprobe a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

5.3. Os membros da Comisión de Avaliación terán que absterse de intervir, notificándoo ao Alcalde, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico do sector público ou si tiveran realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O alcalde/sa ou concelleiro/a delegado poderá solicitar dos membros da Comisión declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no artigo 28 Lei de réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros da Comisión de Avaliación cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

5.4. Para a válida constitución da Comisión, aos efectos de celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, se requirirá a presenza do Presidente e do Secretario, ou, se é o caso, dos que os substitúan, e a metade polo menos dos seus membros, titulares ou suplentes.

5.5. A Comisión resolverá todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos. O procedemento de actuación da Comisión axustarase en todo momento ao disposto na Lei de réxime xurídico do sector público.

5.6. A Comisión poderá propoñer a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores efectuarase polo Alcalde ou concelleiro delegado.

6. Proceso selectivo.

O proceso selectivo efectuarase polo sistema de concurso-oposición.

O/a aspirante seleccionado para impartir o maior número de módulos formativos dentro de cada especialidade formativa, será tamén seleccionado/a como titor/a do módulo de prácticas profesionais non laborais de cada unha das especialidades. En caso de que se produza empate no maior número de módulos formativos dentro dunha especialidade, será seleccionado/a de entre eles/elas o/a que imparta o maior número de horas dentro da especialidade. Se aínda así persistira o empate, aplicaranse os criterios de desempate establecidos na base sétima para determinar a relación de aspirantes por orde de puntuación.

6.1 FASE DE CONCURSO. (máximo 10 puntos)

6.1.1. Titulación académica (máximo 2 puntos)

Titulacións académicas esixidas polo certificado de profesionalidade, ou que, segundo o criterio da comisión de avaliación, teñan relación co curso a impartir:

- Por cada titulación: 1 punto.

Acreditarase mediante fotocopia dos títulos, ou certificados acreditativos.

6.1.2. Cursos realizados (máximo 1 punto)

Cursos impartidos por centros oficiais ou homologados de formación ou perfeccionamento relacionados directamente coas funcións do posto (funcións docentes e relacionadas coa rama profesional a impartir):

- Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,10 por cada curso.

- Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,20 por cada curso.
- Cursos de 100 a 250 horas lectivas: 0,30 por cada curso.
- Cursos de máis de 250 horas: 0,60 por cada curso.

Acreditarase mediante documentación xustificativa da realización dos cursos, na que conste con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico.

6.1.3. Experiencia Profesional. (máximo 2 puntos)

Experiencia profesional no exercicio da profesión. Non se avaliará o tempo de traballo que fose acreditado para suplir a carencia das titulacións nin o que se precisa como obrigatorio polo Certificado de Profesionalidade:

- Por cada mes traballado: 0,10 puntos.

A experiencia profesional acredítase de acordo co seguinte detalle:

- Traballadores/as asalariados/as:

- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade á que estiveran afiliados/as, onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación.
- Contrato de traballo ou certificación da empresa onde tiveran adquirido a experiencia laboral, na que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo no que se realizou a actividade.

- Traballadores/as autónomos/as ou por conta propia:

- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade á que estiveran afiliados/as, na que se especifiquen os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida e intervalo de tempo na que se realizou a mesma.

- Traballadores/as voluntarios/as ou bolseiros/as:

- Certificación da organización ou empresa onde tiveran prestado a asistencia na que consten, especificamente, as actividades e funcións realizadas, o ano no que desenvolveron a actividade e o número total de horas adicadas ás mesmas.

6.1.4. Experiencia Docente (máximo 5 puntos)

- Por cada hora de formación para o emprego impartida na mesma especialidade na que concursa: 0,001 (máximo 4 puntos)
- Por cada hora de formación para o emprego impartida doutra especialidade da mesma familia profesional: 0,0005 (máximo 1 punto)

A experiencia docente acreditarase coa mesma documentación que a detallada no caso da acreditación da experiencia profesional, e ademais con documentación xustificativa da formación impartida: denominación do curso, módulo ou unidade de competencia así como as horas e as datas

6.2 FASE DE OPOSICIÓN (máximo 15 puntos)

Consistirá na presentación e defensa dunha memoria que versará sobre a programación dunha **unidade de competencia** do certificado de profesionalidade da especialidade para a que o/a candidato/a se presente, dirixida a un grupo de 15 alumnos/as.

A presentación da memoria realizarase xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, e terá unha extensión non superior a 8 páxinas en formato A4. O tribunal establecerá os criterios para valorar esta memoria. A

presentación da memoria é obrigatoria e eliminatoria, sendo valorada de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para que o/a aspirante poida realizar a defensa presencial da mesma.

A defensa presencial da memoria realizarase durante un período máximo de 20 minutos. Ao finalizar a exposición por parte do/a aspirante os membros da Comisión de Avaliación poderán facer as preguntas que consideren oportunas para constatar os coñecementos sobre a materia e as aptitudes do/da candidato/a para poder proceder posteriormente a súa avaliación.

A defensa presencial da memoria será valorada de 0 a 5 puntos, tendo en conta para a súa avaliación o contido e adecuación da programación, as aptitudes e claridade na exposición e os coñecementos sobre a materia.

A cualificación final da fase de oposición será a suma das puntuacións obtidas na presentación da memoria e na defensa presencial da mesma.

7. Desenvolvemento do proceso selectivo

7.1. A puntuación final de cada aspirante estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas en cada apartado do concurso-oposición. A Comisión de Avaliación publicará na paxina web do Concello (www.culleredo.es) o resultado do concurso-oposición, ordenando aos aspirantes por orde de puntuación. No caso de producirse empate na puntuación final, a orde na relación farase de acordo cos seguintes criterios de aplicación sucesiva no caso de persistir o empate: maior puntuación na experiencia docente, maior puntuación na memoria presentada, maior puntuación na experiencia profesional na ocupación, maior puntuación nos cursos realizados. Se persistira o empate a orde establecerase por orde alfabética do primeiro apelido, dando comezo pola letra que resulte do último sorteo anual que no ámbito da Administración Xeral do Estado, efectúa a Secretaría de Estado para a administración pública.

7.2. A Comisión de Avaliación enviará ao Servizo de persoal do Concello, a relación de aspirantes por orde de puntuación acadada.

7.3. A Comisión de Avaliación enviará á Delegación da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, os datos do/a aspirante seleccionado/a para a súa validación.

8. Listaxe de reserva

A listaxe coa totalidade dos/as aspirantes admitidos/as e a puntuación acadada quedará para poder ser utilizada coma unha listaxe de prelación de aspirantes ordenada segundo as cualificacións finais do proceso selectivo para supostos de renuncia, baixa voluntaria e/ou cobertura temporal de vacantes exclusivamente da categoría das prazas convocadas.

O período de vixencia desta listaxe será o período 2021-2023 de acordo a Orde do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento TR301K polo que se establecen as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023 (DOG número 81, do 30 de abril de 2021).

9. Presentación de documentación e resolución de contratación

9.1. O/a candidato seleccionado terá que presentar no Concello de Culleredo, dentro dos tres días hábiles a partir da publicación da lista co resultado do proceso na páxina web, para poder ser contratado/a como persoal laboral temporal, os seguintes documentos:

- Orixinal ou fotocopia compulsada acreditativa do cumprimento dos requisitos de nacionalidade, capacidade profesional e capacidade docente.
- Certificado médico oficial, no que se acredite non estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto.
- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas.

d) Orixinais ou fotocopias compulsadas da documentación acreditativa dos méritos alegados.

9.2. Se non se presentase a documentación ou do exame da mesma se observase que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base cuarta, non poderá procederse a súa contratación e quedarán anuladas a súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tiveran incorrido por falsidade na solicitude inicial.

9.3. No caso de que a Delegación da Consellería de Emprego e Igualdade, mostrase algunha desconformidade respecto do currículo dos/as candidatos/as seleccionados/as, estes/as non poderán ser contratados/as.

9.4. O/a candidato/a seleccionado que non estea incluído/a nos supostos indicados nos puntos 9.2 e 9.3, será contratado/a previa resolución do Alcalde ou concelleiro/a delegado.

9.5. No caso de que o/a candidato/a seleccionado estea incluído nalgúns dos supostos indicados nos puntos 9.2 e 9.3, ou no caso de que o posto quedara baleiro antes da finalización da actividade, poderase proceder de acordo co establecido nesta base á contratación doutro/a aspirante, seguindo a orde do proceso selectivo de acordo coa relación de aspirantes remitida pola Comisión de avaliación.

10. Base final

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación da Comisión de Avaliación poderán ser impugnados polas/os aspirantes, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei da xurisdición contencioso-administrativa.

ANEXO - SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROCESO FORMATIVO

C.I.F. P-1503100-H

CONVOCATORIA

Especialidade:
Nome e código dos módulos formativos da especialidade aos que opta:

DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
DNI	Sexo: [] Varón / [] Muller	Data de Nacemento
Lugar de nacemento	Nacionalidade	

Enderezo	
Código postal	Localidade
Teléfono	E-mail

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA COA INSTANCIA (sinállese cun X no recadro correspondente)

- ☐ Copia do documento nacional de identidade ou acreditación do requisito de nacionalidade.

☐ Copia da documentación acreditativa do requisito da capacidade profesional.

☐ Copia da documentación acreditativa do requisito da capacidade docente.

☐ Relación pormenorizada dos méritos que se aleguen para avaliar na fase de concurso e copia dos documentos xustificativos (base 6.1).

☐ Memoria (base 6.2)

A persoa abaixo asinante solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

O solicitante autoriza ao uso dos datos consignados nesta instancia aos efectos previstos nas bases da convocatoria das probas selectivas.

Culleredo, de de

C.I.F. P-1503100-H

SR. ALCALDE CONCELLO DE CULLEREDO"

Consta no expediente informe da Sra. interventora xeral do 2 de novembro de 2021 (código de documento UIT15I00XJ), que transcrito literalmente di:

"INFORME DE INTERVENCIÓN DE FISCALIZACIÓN DE LA PROPUESTA DE APROBACIÓN UPO/2021/68 "Convocatoria e bases da convocatoria para a selección, de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición, dos/das mestres/as necesarios para impartir os módulos formativos das especialidades do Plan formativo para o emprego (procedemento TR301K) periodo 2021-2023"

La funcionaria que suscribe, Interventora General del Ayuntamiento de Culleredo, con arreglo a lo establecido en el artículo 214 RD Legislativo 2/2004 por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLHL), y con carácter previo a la adopción del correspondiente acuerdo, tiene a bien emitir el siguiente informe:

1.- De conformidad con lo previsto en el artículo 11 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

De conformidad con lo previsto en el artículo 61 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público los procesos selectivos tendrán carácter abierto y garantizarán la libre concurrencia, sin perjuicio de lo establecido para la promoción interna y de las medidas de discriminación positiva previstas en este Estatuto.

2.- Según el artículo 19 Cuatro de la Ley 11/2020, de 30 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2021, no se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de

11 de 19

funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, cuestión esta que no considero suficientemente motivada.

3.- Respecto a la existencia de crédito disponible para proceder a la aprobación del gasto derivado de la contratación, "A xefa de servizo de Dinamización, Formación e Emprego, no seu informe-proposta do día 22 de outubro de 2021 (código documento UFE15I00MJ) informa: - que se concedeu ao Concello de Culleredo unha subvención de 78 840 euros para a impartición de dúas acción formativas AFD de *Atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais*, resolución do día 14 de setembro de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade."

Una vez concedida definitivamente la subvención a estos efectos sólo depende de la tramitación de la correspondiente generación de crédito.

4.- Ha de tenerse en cuenta también que, de acuerdo con la nueva regulación de la LRBRL, derivada de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, las competencias de las Entidades Locales han variado sensiblemente y no parece que la actual atribución esté recogida ni entre las propias de los Ayuntamientos (Art. 25), ni entre los servicios mínimos (Art. 26), o que haya sido objeto de delegación en las condiciones previstas en el artículo 27.

Sin embargo, la Ley 5/2014, de 27 de mayo, de medidas urgentes derivadas de la entrada en vigor de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, excluye expresamente este tipo de ayudas de la necesidad de tramitar el procedimiento para el ejercicio de competencias distintas de las propias o las atribuidas por delegación (artículo 3.3 d)).

5.- No consta informe de secretaría general.

En base a lo anterior, se llega a la siguiente

CONCLUSIÓN

Teniendo en cuenta la legislación expuesta y las consideraciones realizadas se informa desfavorablemente la propuesta remitida por no acreditarse la excepcionalidad, urgencia e inaplazabilidad que justifique la contratación temporal y, en consecuencia, se formula el correspondiente reparo suspensivo por omisión en el expediente de requisitos o trámites esenciales (artículo 216.2 c) TRLRHL)."

Consta no expediente nota informativa de secretaría 78/2021 do 3 de novembro de 2021 (código de documento USG15I03M8), que transcrita literalmente di:

"NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

78/2021

Remitada ao portasinaturas da que subscribe Resolución da Alcaldía (código de documento UPO15I01TO) na que, en relación ao expediente UPO/2021/68 se acorda levantar o reparo UIT15I00XJ que formula a intervención municipal xeral e continuar co procedemento, , en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro(ROF), polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

A) Dende o punto de vista formal:

A resolución remítese ao portasinaturas da que subscribe asinada dixitalmente polo sr. Alcalde o día da data (3 de novembro de 2021) sen que con carácter previo á sinatura se remitise o expediente a Secretaría para o seu exame, o que infrinxe o disposto no artigo 177 do ROF , e impide á que subscribe exercer axeitadamente as funcións que legalmente ten atribuídas a Secretaría da Corporación. Dado que esta a non é a primeira vez que dende o gabinete técnico se pasan a sinatura do órgano resolutorio resolucións sen que previamente se entregue a Secretaría o expediente para o seu exame(de feito todas as resolucións do servizo de persoal se presentan en secretaría xa asinadas desde que o dito servizo pasou a depender do gabinete técnico da alcaldía por acordo adoptado por resolución da Alcaldía do 27.10.2020), reitero unha vez máis o solicitado xa en reiteradas ocasións de que se remitan

os expedientes a secretaría , con carácter previo a pasalos á sinatura do órgano resolutorio, para que poida proceder ao seu exame con carácter previo á resolución e así poder exercer as funcións legalmente reservadas pola normativa vixente a esta funcionaria de Administración local con habilitación de carácter nacional, xa que o incumprimento do dito precepto regulamentario impide á que subscriba o exercizo axeitado de funcións que lle atribúe a normativa vixente.

B) En canto ao fondo do asunto, coas limitacións propias desta nota fanse as seguintes consideracións:

Consta no expediente informe da Sra. interventora municipal no que informa desfavorablemente a proposta e formula reparo suspensivo (código de documento UIT15I00XJ), sinalando, entre outras cousas, que:

“2.- Según el artículo 19 Cuatro de la Ley 11/2020, de 30 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2021, no se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables, cuestión esta que no considero suficientemente motivada.”

Esta Secretaría comparte o criterio desfavorable da intervención municipal por canto:

O artigo 19.cuatro da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2021 (LPXE) establece que *“No se podrá contratar personal temporal, ni realizar nombramientos de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables.”*

Consecuentemente suprime a contratación de persoal laboral temporal e os nomeamentos de funcionarios interinos, permitindo como únicas excepcións as contratacións que se deban a casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables , conceptos estes que entrarían dentro do que se coñece como concepto xurídico indeterminado.

Este tipo de conceptos xurídicos indeterminados obriga a que sexa o órgano competente o que o determine e concrete en cada caso. Non se trata de deixar unha potestade discrecional en mans do órgano competente, senon de que este xustificadamente aprecie a concorrencia en cada caso das circunstancias que motivarían a excepcional contratación de persoal temporal.

Sen embargo isto non pode supoñer unha liberdade absoluta do órgano competente en orden a apreciación libre e discrecional das circunstancias concorrentes, senon que debe limitarse a determinar se concorre ou non o suposto de feito que habilita acudir á forma extraordinaria de contratación laboral temporal ou de interinidade. Igualmente a propia xurisprudencia e incluso algunha normativa teñen concretado ou acotado o que pode entenderse tanto como necesidades urxentes e inaplazables.

Así mesmo, os requisitos establecidos no presente artigo deben concorrer acumulativamente, isto é que en definitiva a contratación que se pretende levar a cabo terá que reunir estes criterios conxuntamente:

1.- a contratación pretendida debe ser un caso excepcional.

2.-debe ter como fin necesidades urxentes e inaplazables.

Así en canto a que se trate dun suposto excepcional de contratación, o diccionario da Real Academia Española da Lingua define excepcional como aquilo que constitúe unha excepción da regra común, que se aparta do ordinario ou que ocorre rara vez.

Como é obvio tal excepcionalidade debe estar xustificada no expediente.

Neste sentido no expediente administrativo examinado non consta xustificada suficientemente esta excepcionalidade.

Polo que respecta ao segundo dos requisitos podemos sinalar que resulta paradigmática e clarificadora a sentenza ditada polo TSJ de Madrid, sala do contencioso-administrativo, sección 3ª, de data 10 de setembro de 2007, que se ben referida á interpretación do artigo 64.1 do Real Decreto 364/1995, esta Secretaría entende plenamente aplicable tamén á previsión do artigo 3 punto dous do Real Decreto-Lei 20/2011 de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, que agora nos ocupa e que no seu fundamento xurídico quinto establece que:

"Del tenor literal de dicho precepto claramente se sigue que el presupuesto de hecho habilitante para acudir a esta forma de provisión es la existencia de una situación de necesidad, que la norma califica como urgente e inaplazable, la cual permite excepcionar la forma normal de provisión de puestos de trabajo reservados a funcionarios que es el concurso de méritos (artículo 36.1 del mismo Real Decreto 364/1995).

Por lo tanto, la revisión de la legalidad de la actuación administrativa pasa necesariamente por analizar si la urgencia e inaplazable necesidad concurre en el caso planteado. Se ha de tener presente en este sentido que no estamos ante una facultad discrecional de la Administración, caracterizada porque la Ley misma le reserva un margen de apreciación para determinar cual sea la decisión adecuada de entre varias igualmente justas, sino ante lo que se ha denominado como concepto jurídico indeterminado, en el que existe una única solución posible, si bien no explicitada por la norma, lo que se traduce en el caso que nos ocupa en la determinación de si concurre o no el supuesto de hecho que habilita para acudir a la forma extraordinaria de provisión que es la comisión de servicios, es decir, si había una urgente e inaplazable necesidad de cubrir los puestos controvertidos; determinación que en modo alguno puede abandonarse sólo al juicio administrativo pues se estaría con ello propiciando un ejercicio arbitrario de la potestad, opaco al control judicial, cuando la norma ha querido condicionar la posibilidad de la comisión a un hecho cierto: la concurrencia de la situación de necesidad, que existe o que no existe, pero que no depende del criterio administrativo. Pues bien, es por ello igualmente innegable que la concurrencia de dicho presupuesto habilitante ha de resultar acreditada en el procedimiento administrativo y explicitada en la resolución de nombramiento, permitiendo en cualquier caso cuestionar la legalidad de la decisión mediante el análisis de la realidad del presupuesto de hecho en el que se asienta.

Sin embargo, en el caso de autos no hay otro indicio de que concurre real y verdaderamente la situación de necesidad, y que esa necesidad es urgente e inaplazable, que la mera consignación del artículo 64.1 del Real Decreto 364/1995, en el Acuerdo de nombramiento, insuficiente para contrastar que, en efecto, resultaba urgente e inaplazable la cobertura de la plaza vacante por el mecanismo excepcional de la comisión de servicios. La necesidad urgente e inaplazable de cubrir una plaza mediante una comisión de servicios, no se acredita con la mera afirmación de la Administración de que existe tal necesidad y que ésta es urgente e inaplazable, porque la existencia de la necesidad, y el carácter urgente e inaplazable de ésta, son circunstancias de hecho que o concurren o no concurren, y que se pueden apreciar empíricamente acreditando el volumen de trabajo de la plaza, el trabajo pendiente que provoca la falta de cobertura de aquélla, la repercusión de la falta de cobertura del puesto de trabajo en el Servicio o Unidad en el que se halla, etc, es decir que la Administración puede y debe justificar que se dan las circunstancias que permiten acordar la comisión de servicios, y debe hacerlo aportado peticiones o informes de los responsables de la Unidad o Servicio, quejas, estadísticas, estudios sobre asuntos pendientes o documentación similar, que permita a los Jueces y Tribunales de esta Jurisdicción verificar que existe la necesidad urgente e inaplazable que impone la norma como presupuesto de hecho para acordar la comisión de servicios".

Polo tanto da lectura da citada sentenza queda claro que ten que xustificarse no expediente de xeito obxectivo a necesidade urxente e inaprazable da utilización dunha forma excepcional de contratación ou selección. Sinalando así mesmo unha serie de formas ou medios de xustificación (volume de traballo da praza, repercusión da falla de cobertura no servizo, queixas, estatísticas, estudos etc...).

No presente expediente tampouco constan xustificados suficientemente este extremos.

Finalmente sinalar que, a xuízo desta Secretaría a financiación do custo por outras Administracións públicas non pode suplir as citadas esixencias legais.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto infórmanse **desfavorablemente** a proposta do xefe de gabinete técnico co conforme da concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal (código de documento UPO15I01SE) relativa á aprobación da convocatoria e das bases da convocatoria para a selección de mestres/as para impartir a especialidade formativa SSCS0208 Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais dos módulos que especifica.

Non se estudan os restantes extremos do expediente, tanto de forma como de fondo polo escaso tempo hábil con que se contou para o seu exame.

É o que expoño nesta nota informativa que é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ampliarse nun informe emitido de acordo co que dispón a normativa de aplicación."

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada da Área de Seguridade Cidadá e Persoal (código de documento UPO15I01SE), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

C.I.F. P-1503100-H

3.- DACIÓNS DE CONTA.

3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde JUS/1186/2021 do 29 de outubro, do Ministerio de Xustiza, pola que se publica o Acordo do Concello de Ministros do 28 de setembro de 2021, polo que se fixa o módulo para a distribución do crédito que figura nos Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021, destinado a subvencionar os gastos de funcionamento dos Xulgados de Paz. BOE núm. 265 do 05-11-2021.
- Orde TER/1204/2021 do 3 de novembro, do Ministerio de Política Territorial, pola que se aproban as bases reguladoras e se efectúa a convocatoria correspondente a 2021, de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das Administracións das Entidades Locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. BOE núm. 266 do 06-11-2021.
- Orde do 28 de outubro de 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR351B). DOG núm. 214 do 08-11-2021.
- Anuncio do 3 de novembro de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, relativo ás bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixidas a concellos para a realización de festivais de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2021. BOP núm. 210 do 04-11-2021.

3.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

3.2.1.- A Sra. Iglesias Becerra dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas da concellería delegada da Área de Urbanismo:

"RESOLUCIÓNS DO 08.10.2021

Primeiro: Aceptando a renuncia que formulou da súa licenza de obra Berlys Corporación Alimentaria S.A.U. (antes denominada Berlypan S.L.), segundo: aprobando a devolución do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe de 20.628,43 €, e que se formalizou co número de operación 200800009452, e terceiro: aprobando a devolución do aval que depositou no Concello por importe de 6.000 € para responder de posibles danos sobre a urbanización existente e que se formalizou co número de operación 320090000006.

RESOLUCIÓNS DO 20.10.2021

Concedendo a M.J.S.M. e P.B.B. Licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar situada na Rúa Victoria Kent, parroquia de Orro. (exp. UAU/2021/41).

RESOLUCIÓNS DO 21.10.2021

Complementando a resolución da concelleira delegada de urbanismo número 1850/2021, de data 08.10.2021 (código de documento UAU15I03FH) que queda redactada do seguinte xeito:

Na parte expositiva onde di:

" Berlys Corporación Alimentaria S.A.U. (antes denominada Berlypan S.L.) nun escrito de 27.09.2018 (co número de rexistro de entrada 2018/9287) renunciou á licenza que se lle concedeu para a construción dunha nave destinada a almacén de conxelados de produtos de alimentación envasados (pan, bolaría e pastelería), na parcela 103 do Centro Loxístico de Transportes (rúa Felipe Mínguez Serrano núm 23) da parroquia de Ledoño (expediente 120/2008 de obra e 41/2008 apertura) e solicitou a devolución dos importes aboados nos conceptos de imposto sobre construcións, instalacións e obras e a devolución do aval que depositou para responder de posibles danos sobre a urbanización existente."

Debe dicir:

"Berlys Corporación Alimentaria S.A.U. (antes denominada Berlypan S.L.) e agora denominada Monbake Grupo Empresarial S.A.U. con CIF: A31025778, nun escrito de 27.09.2018 (co número de rexistro de entrada 2018/9287) renunciou á licenza que se lle concedeu para a construción dunha nave destinada a almacén de conxelados de produtos de alimentación envasados (pan, bolaría e pastelería), na parcela 103 do Centro Loxístico de Transportes (rúa Felipe Mínguez Serrano núm 23) da parroquia de Ledoño (expediente 120/2008 de obra e 41/2008 apertura) e solicitou a devolución dos importes aboados nos conceptos de imposto sobre construcións, instalacións e obras e a devolución do aval que depositou para responder de posibles danos sobre a urbanización existente."

Na parte dispositiva onde di:

"Primeiro: Aceptar a renuncia que formulou da súa licenza de obra Berlys Corporación Alimentaria S.A.U. (antes denominada Berlypan S.L.).

Segundo: Aprobar a devolución do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe de 20.628,43 €, e que se formalizou co número de operación 200800009452."

Debe dicir:

"Primeiro: Aceptar a renuncia que formulou da súa licenza de obra Berlys Corporación Alimentaria S.A.U. (antes denominada Berlypan S.L.) e agora denominada Monbake Grupo Empresarial S.A.U. con CIF: A31025778.

Segundo: Aprobar a devolución do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe de 20.628,43 €, e que se formalizou co número de operación 200800009452 a Monbake Grupo Empresarial S.A.U. con CIF: A31025778. (exp. UAU/2020/618).

RESOLUCIÓNS DO 22.10.2021.

Primeiro.- Concedendo a A. S. R. e D. J. B. S., a licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Peiro de Abaixo, parroquia de Veiga, segundo.- Aprobando a devolución do aval depositado neste Concello por importe de 1960 € e rexistrado co número de operación 320070000006, e terceiro.- Dando conta da presente resolución aos servizos de Intervención e Tesouraría.(exp. UAU/2011/738).

RESOLUCIÓNS DO 03.11.2021.

Concedendo a Frío Coruña S.L. e Talleres Mecánicos e Industriales S.A., a licenza solicitada para segregación das parcelas con referencia catastral 1140929NH5913N0001ZF e 11402912NH5913N0001PF, situadas na rúa Mourelas e rúa San Fernán, parroquia de Almeiras nas seguintes 2 parcelas:

Parcela A : 615,41 m/2 de superficie e cunha fronte a rúa Mourelas de 14,92 m/2.

Parcela B: 1.181,59 m/2 de superficie cunha fronte a rúa San Fernán de 22,50 m/2.

Non é necesario efectuar cesión para viario por tratarse dun solo urbano, coas cesións efectuadas no seu día.

A licenza outórgase salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros.

As parcelas que resultan da segregación, que se reflicten nos folios 8 e 9, do expediente e nos plano 3, 4 e 5 (folio 19, 20 e 21 do expediente), forman parte da presente Resolución á que se anexiona unha copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes. (exp. UAU/2020/569).

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 28 de setembro de 2021, a comunicación previa presentada por M.A.P.P., para instalación dunha piscina de 14,58 m2, nunha parcela situada no Lugar de Toroño, parroquia de Culleredo (exp. UAU/2020/560).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 30 de setembro de 2021, a comunicación previa presentada por J.F.M. para realizar sondaxe para captación de auga nunha parcela situada no Monte Figueiras, parroquia de Orro (exp. UAU/2020/562).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 08 de outubro de 2021, a comunicación previa presentada por F.F.P.G. para peche parcela de 73 m.l. e 1,80 m.a., nunha parcela situada en Peiro de Abaixo, parroquia de Celas (exp. UAU/2020/536).

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data de 22 de outubro de 2021, a comunicación previa presentada por R.R.M. Para acondicionamento terreo, situado na Rúa das Cruces, parroquia de Toroño (exp. UAU/2020/598)."

3.2.2.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

"

- Resolución núm. CUL/RES/1826/2021 do 07/10/2021 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos número 166, á D. V. R. O.

- Resolución de data do 04/11/2021 pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde da obra de “*Arranxo de viarios municipais en Rumbo (VP-359 e VP-400)*”, redactado por Alberto López Barrio, que ten o C. V. 5W475C3P3J3J4H4I0W4V.
- Resolución de data do 04/11/2021 pola que se da de baixa con efectos do ano 2022, a licenza municipal número 105 de reserva de espazo de entrada e saída de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, con reserva con horario laboral, pertencente ao local situado na Avda. de Vilaboa, núm. 109, deste termo municipal.
- Resolución de data do 04/11/2021 pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso de raza Pitbull Red Nose e número de microchip 941000021112833, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, co número 145.
- Resolución de data do 04/11/2021 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización do SUBMINISTRO ELÉCTRICO RBTS para a vivenda situada no lugar de Cornedo, da parroquia de Sésamo.
- Resolución de data do 04/11/2021 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de LIÑA ELÉCTRICA SUBTERRÁNEA DE BAIXA TENSIÓN PARA SUBMINISTRO á vivenda situada na R/. Castelao, na parroquia de Rutis.”

C.I.F. P-1503100-H

3.2.3.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

XOVES 11 DE NOVIEMBRE

Biblioteca Miguel González Garcés do Burgo. 18.00 h:

Contacontos coa Dragóna Ramona: *Pecas*.

Nenos/as a partir de 3 anos. Reserva de prazas a mesma semana no tfno. 981665597. Aplicaranse as medidas anti-covid en vigor.

VENRES 12 DE NOVIEMBRE

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

Teatro Strachiatela: *E poñerán esposas ás flores*.

Maiores de 12 anos. Entrada gratuíta. Aforo limitado. Reserva de asentos a mesma semana no tfno. 981665597. Aplicaranse as medidas anti-covid en vigor.

CLUBS DE LECTURA DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS

Entre os días 8 e 11 de novembro comezan as súas sesións mensuais os catro Clubs de lectura das Bibliotecas Municipais.”

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

Código do documento	Código do expediente
USG15I03NU	USG/2021/191
Código de Verificación Electrónica (COVE)  6W6K 150P 073L 2P29 0WF4	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H